

150 anos da cidade de Ferrol: foros, títulos e privilexios

JUAN J. BURGOA*

Sumario

Por mor da celebración neste 2008 dos 150 anos da concesión a Ferrol do título de cidade, ao longo do traballo faise un percorrido polos documentos históricos máis importantes relativos aos foros, títulos e privilexios da devandita urbe, así como do lugar de arquivo dos mesmos.

Abstracts

On the occasion in the present year of 2008 of the celebration of the 150 years since Ferrol was granted the title of «city», this work reviews the most important historical documents relating to the rights, titles and privileges of this locality, and the archives where they are kept.

Ferrol é a cabeceira dun amplo territorio que se estende ata o cabo Ortegal cara ao norte e que limita coa ría de Betanzos cara ao sur. Desde o punto de vista xeográfico abrangue a ría de Ferrol, a conca de seu principal tributario, o río Grande de Xuvia, e o batido litoral da costa norte que inclúe a Valdoviño e Cedeira. No aspecto histórico configúrase no seo do antigo Golfo Ártabro, derivando da expansión urbana de Ferrol coa inclusión de pequenas xurisdiccións históricas e terreos pertencentes á división en partidos xudiciais de inicios do século XIX.

A comarca da Terra e Mar de Ferrol tivo unha intensa vida monacal no medievo, sendo lugar de asentamento e influencia de varios mosteiros: San Martiño de Xuvia, San Salvador de Pedroso, Santa Catarina de Montefaro, San Xoán de Caaveiro, Santa María de Monfero e Santa María de Sobrado dos Monxes, ademais do convento ferrolán de San Francisco, todos eles con grandes intereses na bisbarra. Ademais de gozar da protección real, os mosteiros estiveron baixo o patrocinio de dúas liñaxes que dominaron a zona: os Froilaz-Traba na Alta Idade Media e os Andrade na período baixomedieval.

Aínda que Souto Vizoso escribe nas «Efemérides Eclesiales de Ferrol», sen apoio documental, que San Rosendo e Osorio Gutiérrez, o Conde Santo, visitaron a igrexa ferrolá de San Xiao nos respectivos **anos 930 e 970**, as primeiras mencións escritas do nome de Ferrol aparecen en documentos referentes a estes mosteiros, publicados por historiadores como Díaz de Robles, Montero Díaz, Cal Pardo e Vaamonde Lores:

30 de Maio de 1087. Documento de doazón pertencente ao mosteiro de Xuvia, onde se rexistra o nome da freguesía de «Santo Iuliano de Ferrol».

30 de Xuño de 1111. Carta fundacional do mosteiro de Pedroso, na que se nomea a «villa de Ferrol».

11 de Febreiro de 1288. Documento de desembargo do couto de Serantes polo mosteiro de Sobrado, no que se cita a presenza dun «Notario del Rey en Ferrol».

***Juan J. Burgoa Fernández**, ferrolano, es Capitán de Navío de la Armada en situación de Reserva. Los últimos años desarrolla sus actividades culturales como miembro y colaborador de la Asociación de Estudios Históricos de Galicia, Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, Asociación Cultural da Costa da Morte y Asociación dos Amigos dos Cruceiros.

No que se refire ao inicial núcleo urbano de Ferrol, dentro do lento proceso de repoboación e formación destes núcleos que tivo lugar en Galicia desde o século XI, non consta que a vila de Ferrol naquela época estivese baixo o dominio territorial directo de ningún señorío nobiliario. O historiador de Ferrol, Montero Aróstegui, sen precisar datas, considera que Ferrol pertenceu desde tempos moi temperáns á Coroa, escribindo que tivo concedidos os seguintes privilexios reais:

15 de Abril de 1250. Dado en Valladolid por Fernando III o Santo.

5 de Agosto de 1270. Dado en Burgos por Alfonso X o Sabio, confirmando o anterior.

22 de Xaneiro de 1283. Dado en Toro polo Infante don Sancho, futuro Sancho IV o Bravo, confirmando os anteriores.

O pergameo orixinal deste último importante documento do **22 de Xaneiro de 1283**, segundo María Jesús Vázquez atópase no Arquivo da Casa de Alba. Palacio de Liria de Madrid, coa sinatura C 21-8. Foi xa transcrito por Benito Vicetto na súa «Historia de Galicia», e no mesmo non só confirmábanse os foros, costumes, liberdades e privilexios concedidos por Alfonso X e Fernando III, pai e avó de don Sancho, ao «concejo de Ferrol» senón tamén os outorgados por «todos los otros reyes e del emperador que fueron antes en España», o que acredita a antigüidade da vila ferrolá.

Semella claro que ata o último tercio do século XIV - no que pasou ao señorío dos Andrade -, Ferrol foi unha antiga vila de reguengo dotada de diversos privilexios reais, segundo diversos historiadores, aínda que ningún deles cita de xeito específico a concesión de «carta-puebla» algunha. Carré Aldao indica que Alfonso VII o Emperador concedeu a Ferrol os seus primeiros foros arredor do **ano 1140** mentres que Nicolás Fort adxudica estes privilexios a unha data sen precisar no reinado de Alfonso VII, dos **anos 1126 a 1157**, por mor da presenza de mariños ferroláns nos primeiros buques da armada galega, organizada o ano **1130** polo bispo Gelmírez.

Non obstante, Leandro de Saralegui na súa obra «Efemérides ferrolanas» aventura a noticia de que o **1 de Agosto de 1020** foi a temperá data na que o Fuero de León se fai «extensivo al Concejo de Ferrol y todo el Reino de Galicia», segundo aparece no título VIII do Concilio de Coyanza - a actual localidade de Valencia de Don Juan - presidido polo rei Fernando I o **ano 1050**, dato posteriormente referendado por Vázquez Rey, segundo aparece nos papeis inéditos do seu arquivo.

Outros dous privilexios reais concedidos a Ferrol en datas posteriores, citados por diversos historiadores, foron os seguintes:

15 de Abril de 1312. Dado en Valladolid por Fernando IV o Emprazado. Confirmando os privilexios concedidos polo infante don Sancho o ano 1283 e autorizando a Ferrol que tivese os alcaldes polos seus foros.

20 de Xuño de 1338. Dado en Cuenca por Alfonso XI o Xusticeiro. Confirmando o privilexio anterior.

Dos cinco privilexios reais que acabamos de citar, tan só consérvanse senllas «copias simples» en papel de dous deles no Arquivo Municipal de Ferrol: do privilexio de **22 de Xaneiro de 1283**, dado en Toro polo Infante don Sancho, e do privilexio de **15 de Abril de 1312**, dado en Valladolid por Fernando IV. Estas copias manuscritas están gardadas na



Ilustración 1. Cédula de 15 de Maio de 1429 na que Juan II confirma os privilexios reais de Ferrol. (A.H.N. Patronato Real. Caixa 59, documento 13).

Caixa 908, expediente 1, do dito Arquivo, coa anotación de que «concuerdan con el registro que está asentado en el Libro número tres de las Confirmaciones de D. Enrique IV», obrante no Arquivo Xeral de Simancas.

Dentro dos poucos datos coñecidos de Ferrol medieval, varios historiadores documentan unha importante e fluída chegada por vía marítima ao porto ferrolán de moitos peregrinos a Compostela, procedentes de Inglaterra e do norte de Europa, entre os séculos XII e XIV, diminuindo seu número a partires do século XV no que as expedicións marítimas pasan de xeito case exclusivo ao porto da Coruña. Tamén consta que nesa época Ferrol estivo sometida ás epidemias de peste dos **anos 1348 e 1404**, esta última dando orixe ao ancestral Voto de Chanteiro.

No último tercio do século XIV tódalas liberdades, dereitos e privilexios reais que gozaba a vila ferrolá quedaron vulnerados de xeito radical e inxusto cando perdeu o seu secular reguengo e pasou a depender da Casa de Andrade mercé ao documento de doazón co que Enrique II premiou seus «muchos e buenos e leales e muy grandes servicios» dos membros desta liñaxe galaiga:

19 de Decembro de 1371. Dado en Burgos por Enrique II de Trastamara, concedendo a Fernán Pérez de Andrade o Boo o señorío das vilas de Ferrol e Pontedeume «con sus términos e aldeas e jurisdicciones».

Este documento, transcendental para a historia de Ferrol, foi transcrito por Benito Vicetto no tomo V da súa «Historia de Galicia», coincidindo na súa cita moitos historiadores posteriores como Manuel Murguía, López Ferreiro, Montero Aróstegui, Carré Aldao, Couceiro Freijomil, García Oro e Correa Arias, escribindo os dous últimos que este documento atopábase dentro da Colección Salazar y Castro pertencente á Academia de Historia, coa sinatura M.48, folios 77-80.




Ilustración 2. Documento de 18 de Xaneiro de 1432 no que Pero Padrón, procurador da vila de Ferrol, fai a súa protesta diante das portas do palacio do rei Juan II en Zamora. (A.H.N. Patronato Real. Caixa 59, documento 11).

Non obstante, a aclaración definitiva da localización deste privilexio viño da man de Carlos de Castro nun recente traballo da revista «Cátedra» ao especificar que realmente se trata dunha transcripción ou copia que fai Salazar y Castro daquel documento, que aparece inserido dentro doutro posterior de confirmación dos privilexios feito polos Reis Católicos. É importante significar, que segundo información explícita fornecida pola Casa de Alba, o auténtico privilexio orixinal do **ano 1371** non se atopa no seu Arquivo, descoñecéndose onde se podería achar.

Poucos anos despois, o **8 Agosto de 1379**, o rei Juan I desde Burgos confirmou a Fernán Pérez de Andrade o señorío de Ferrol e Pontedeume, ampliándoo á localidade de Vilalba. Nestas datas a urbe ferrolá xa debía estar fortificada con muros e foxos, merecendo o apelativo de «ville assez fort» que lle adica o cronista francés Jean Froissart cando Ferrol foi asediada e tomada polo duque de Lancaster o **ano 1387** na súa campaña en Galicia ao mando das tropas portuguesas.

Á morte do conde de Andrade, Ferrol voltou a ser vila de reguengo, sendo confirmados os anteriores privilexios reais mediante unha cédula do **15 de Maio de 1429** de Juan II. A pesares diso e da primeira revolta irmandiña que tivo lugar o **ano 1431** - que segundo a Crónica de Juan II rexistrou unha activa presenza de persoeiros de Ferrol baixo o mandato do fidalgo Rui Xordo -, a vila ferrolá estivo sometida aos repetidos desmandos de Nuño Freire de Andrade, o máis poderoso dos señores da comarca.




Ilustración 3. Cédula de 15 de Maio de 1467 na que Enrique IV confirma os privilexios reais de Ferrol. (A.H.N. Patronato Real. Caixa 59, documento 15).

Por mor diso o **18 Xaneiro de 1432** tivo lugar en Zamora a sonora e baril protesta de Pero Padrón, procurador da vila de Ferrol, diante das portas do palacio do rei Juan II. No documento, reproducido por Benito Vicetto e Montero Aróstegui, e conservado no Arquivo Xeral de Simancas, o síndico ferrolán querélase «de los muchos males, e daños, cohechos, despechamientos e arrazonamientos e muertes de omes e presiones e despoblamientos de la dicha villa», causados por Nuño Freire de Andrade e o seu fillo Pero Fernández.

O caso foi que Ferrol no século XV estivo en medio das liortas sostidas por Juan II coa Casa de Andrade, pasando de vila de reguengo a señorío e viceversa, sendo numerosas as cartas que o citado rei dirixe á diversos persoeiros da nobreza galega e leonesa (Álvarez Osorio, Lope de Mendoza ou Rodrigo de Moscoso) para recuperar a vila de Ferrol para a Coroa Real. As cartas e a documentación á que se refiren estes feitos, nos que coinciden diversos historiadores, atópanse gardados no Arquivo da Casa de Alba, coa sinaturas C2-80 a 2-87, C86-15 e C152-3, sendo reproducidos na súa obra polos historiadores García Oro e María Jesús Vázquez.

Finalmente o rei Juan II o **9 de Xullo de 1442** cedía nas súas demandas e renovaba o señorío concedido por Enrique II a Fernán Pérez o Boo sobre as vilas de Ferrol, Pontedeume e Vilalba, escribíndose na carta de concesión a Fernán Pérez o Mozo, segundo García Oro no seu estudio histórico sobre a Casa de Andrade, que «vos do e traspaso la tenencia e posesión real, corporal, cevil e natural, e la propiedad e señorío e justicia e jurisdicción» das anteditas vilas.

No **ano 1466** tivo lugar en Galicia a segunda revolta irmandiña. Aínda que as crónicas da época non falan da presenza de Ferrol nesta revolta e a nobreza infrinxiu unha dura derrota coa conseguinte represión aos irmandiños, desta volta pronto Ferrol recuperou outra vez a súa condición de vila de reguengo. De novo os antigos privilexios reais que foran outorgados a Ferrol o **ano 1283** foron confirmados o **15 de Maio de 1467**, polo rei Enrique IV en Valladolid.

Precisamente tres destes documentos do século XV relativos a Ferrol atópanse no Arquivo Xeral de Simancas. Sección de Patronato Real, Caixa número 59, cos respectivos números de documento 13, 11 e 25:

A cédula de confirmación de Juan II dos privilexios reais concedidos a Ferrol polos seus predecesores, de **15 de Maio de 1429**.

O documento de protesta de Pero Padrón, procurador da vila de Ferrol, diante das portas do palacio do rei Juan II en Zamora o **18 Xaneiro de 1432**.

A cédula de confirmación de Enrique IV dos privilexios reais concedidos a Ferrol polos seus predecesores, de **15 de Maio de 1467**.

Pouco durou esta última concesión real do rei Enrique IV e, como recolle García Oro, a vila de Ferrol, xunto con Pontedeume e Vilalba, volveu pronto ao señorío dos Andrade, na persoa de Diego de Andrade, baixo o reinado dos Reis Católicos:

31 de Marzo de 1476. Dado en Madrid polos Reis Católicos, confirmando a Diego de Andrade a concesión feita polo rei Juan II a Fernán Pérez o Mozo. García Oro transcribe este documento notarial, informando que obra no Arquivo da Casa de Alba, coa sinatura C 84-40.

Dese xeito a entón vila de Ferrol entra na Idade Moderna de novo baixo o señorío da Casa dos Andrade, á que estivo sometida case tres séculos, nun longo período no que Galicia estivo esquecida dunha Coroa de carácter centralista e ficou abandonada por unha nobreza normalmente desarraigada do país. Neste período os ferroláns denunciaron de xeito repetido unha serie de abusos relativos a rendas, monopolios, aldraxes e imposicións indebidas, reclamando sen éxito a volta ao reguengo. Diversos documentos e cartas de




Ilustración 4. Copias simples dos foros e privilexios concedidos ás vilas de Ferrol e A Graña (A.M.F. Caixa 908, expediente 1).

protesta dos veciños, datadas entre os **anos 1491 e 1498**, están rexistradas no Arquivo de Simancas. Rexistro Xeral do Selo, sendo reproducidos na obra do historiador García Oro.

Por outra banda, desde o século XIV Ferrol non era tan só un porto pesqueiro e un lugar de chegada de peregrinos senon que estaba aberto ás rutas marítimas comerciais, sendo primeiro o porto da Cruz e logo o peirao de Curuxeiras o lugar de arribada das naves procedentes do mar Báltico, Flandes e Italia. Segundo Juan A. Rodríguez-Villasante, nunha serie de portolanos a finais da Idade Media aparece xa rexistrado o porto ferrolán (cos nomes de «Ferol», «Ferereol», «Feron»): caso dos de Petrus Vasconte do **ano 1321**, Abrahan Cresques do **ano 1375** ou o máis coñecido do veneciano Andrea Corso do **ano 1498**, onde aparece «Feroli» situado xunto unha cruz de posible proxenie templaria.

Do século XV son dous notables documentos orixinais escritos en letra gótica sobre pergameo, referentes aos antigos coutos de Balón, Brión e Mougá, pertencentes á xurisdicción da Graña, que hoxe se conservan gardados no Arquivo Municipal de Ferrol. Conteñen os privilexios de notoria fidalguía e exención de tributos concedidos o **ano 1414** polo rei Alfonso XI aos veciños dos anteditos coutos polos servicios prestados nas batallas de Tarifa e do río Salado contra os musulmáns.

Nos seguintes séculos XVI e XVII, Ferrol caeu nun longo proceso de decadencia, sendo escasas as referencias documentadas da vila en poder dos señores da Casa de Andrade, desde mediados do século XVI tamén Condes de Lemos e Marqueses de Sarria na persoa de Pedro Ruiz de Castro. Ademais de noticias de epidemias e de incendios, especialmente o do **10 de Xuño de 1568** que arrasou a vila, salientan as frecuentes novas sobre a ría e o porto ferrolán - que o Licenciado Molina o **ano 1550** chamou «puerto extremado, que a todos dá popa» -, como seguro refuxio contra os temporais e lugar de recalada e abastecemento dos buques da Real Armada desde o reinado de Felipe II. Tamén cumpre sinalar os ataques a Ferrol da flota inglesa de Drake o **ano 1594** e da francesa do Arcebispo de Burdeos o **ano 1639**.

Aínda que Ferrol dependía no eido administrativo e económico da cidade de Betanzos, a vila tiña alcalde ordinario nomeado polo Conde de Lemos e os cargos de rexedores e procuradores ao principio eran elixidos dunha terna polo propio concello e desde mediados do século XVII de carácter vitalicio nomeados polo Conde de Lemos. Leandro de Saralegui escribe que a primeira acta do concello existente no Arquivo Municipal de Ferrol data do **24 de agosto de 1610**; segundo Montero Aróstegui nela se nomea a «vila de Ferrol» e aparece incluída dentro do Libro de Actas dos **anos 1610 a 1625**. Tanto o antedito Libro como a propia acta, citados por varios historiadores, non fomos quen de atopalas no citado Arquivo Municipal.

O suceso de maior interese do século XVII foi a accidentada chegada á ría de Ferrol da raíña Mariana de Neoburgo, segunda esposa do rei Carlos II, o **26 de Marzo de 1690**. Por mor das atencións recibidas pola raíña na súa estadía, Carlos II concedeu o seguinte ano á vila de Ferrol o privilexio de que os seus habitantes estivesen exentos de servir no Exército e na Mariña:

1 de Marzo de 1691. Real Cédula expedida en Madrid pola que o rei Carlos II exime á vila de Ferrol de «contribuir con gente en la leva de soldados y de marinería» para a Armada Real.

Esta Real Cédula citada por Alonso López, Montero Aróstegui, Leandro de Saralegui, Guillermo Escrigas, Margarita Sánchez e Juan A. Granados, e incluso reproducido o seu

contido por algún deles, non se atopa hoxe na Caixa 908. «Privilexios de Ferrol e A Graña» do devandito Arquivo Municipal de Ferrol, onde debería estar obrante.

Coa chegada da Ilustración no século XVIII, a Coroa transformou ao porto de Ferrol nunha importante base naval e no maior centro de construción da Real Armada, cun notable crecemento urbanístico e demográfico que fixo da urbe ferrolá, construída «ex novo», a máis poboada de Galicia no último tercio dese século. Este proceso que deu orixe a Ferrol da Ilustración levouse a cabo mediante unha serie de Reais Decretos, Cédulas e Ordes Ministeriais, segundo a seguinte cronoloxía:

21 de Febreiro de 1714. Real Cédula de formación da Real Armada polo rei Felipe V de Borbón.

Ano 1726. Creación polo Secretario de Mariña, José Patiño, dos Departamentos Marítimos de Ferrol, Cartagena e Cádiz.

5 de Decembro de 1726. Real Orden de creación do primeiro estaleiro e arsenal na vila da Graña.

14 de Xaneiro de 1750. Real Orden aprobando a construción do novo estaleiro y arsenal en Ferrol.

Ano 1751. Inicio das obras de construción do Cadro e barrio de Esteiro.

Ano 1762. Aprobación do proxecto definitivo de Jorge Juan para o barrio da Madalena.

Neste contexto promulgouse polo rei Felipe V o Real Decreto de **21 de Setembro de 1733** que incorporaba á Coroa as Xurisdiccións de Ferrol e A Graña, cesando os Condes de Lemos no señorío que viñan a exercer desde o **ano 1371**. Aínda que case tódolos historiadores (Montero Aróstegui, Benito Vicetto, Manuel Murguía, Leandro de Saralegui, Carré Aldao, Juan A. Rodríguez-Villasante, Vigo Trasancos, Juan A. Granados) coincidían que este Real Decreto promulgouse o mencionado **ano 1733**, non había unanimidade na data exacta e así algúns deles situárona de xeito erróneo no **21 de Decembro**.

A primeira información sobre a existencia e contido deste Real Decreto documentouna Carlos P. Fernández-Turégano na súa biografía de José Patiño, Secretario de Estado de Mariña e Indias con Felipe V, ao escribir que o citado rei ordenou a incorporación das vilas de Ferrol e a Graña á Coroa mediante o pago de 33.401 reais de vellón ao seu posuidor, o conde de Lemos, cantidade equivalente ás rendas producidas por ambas vilas, mediante o Real Decreto de **21 de Setembro de 1733**. O citado autor daba a coñecer que o expediente desta incorporación se atopaba no Arquivo Xeral de Simancas, Secretaría de Mariña, legaxo 173:

Anos 1732 e 1733. Expediente comprensivo do **20 de Agosto de 1721** ata o **4 de Novembro de 1733**, sobre a incorporación á Coroa das vilas de Ferrol e A Graña, propiedade da Casa de Lemos, dando noticias das rendas, reais decretos e demais circunstancias referentes ao asunto.

O feito de atopar persoalmente esta concreta información sobre o expediente no citado libro na biblioteca do Ateneo Ferrolán o pasado mes de Novembro, permitíume pedir ao Arquivo de Simancas unha fotocopia do mesmo onde, entre outra documentación de grande interese, inclúese unha copia do citado Real Decreto de **21 de Setembro de 1733**, rubricado en San Ildefonso polo rei Felipe V, no que resolve e manda incorporar as vilas de Ferrol e A Graña «a mi real Servicio y a la Corona, con la Jurisdicción, Señorío, Vasallage,

fr 8 MARINA, 1+5
1732 y 33
Expediente
Comprehensivo 2^o 6 de Agosto de 1728 hasta 4 de Noviembre de 1733
Sobre incorporaf.ⁿ á la corona
de las Villas de Ferrol, y
la Graña, propias de la casa
de Lemos, con las noticias
de sus rentas, R.^o decretos, y
demas papeles caus.^{dos} en el asunto.
Nota
que en el año de 1734. hay recuento
s^o. equival.^{te} de dhas. q.^a aún no
se havia verific.^{do} entonces.
*Nota en el
presente, mu-
elles, y por*

Ilustración 5. Expediente dos anos 1732 e 1733. Incorporación á Coroa das vilas de Ferrol e A Graña, propiedade da Casa de Lemos. (A.G.S. Secretaría de Mariña, legaxo 173).




Ilustración 6. Copia do Real Decreto de 21 de Setembro de 1733 no que o rei Felipe V manda incorporar as vilas de Ferrol e A Graña á Coroa. (A.G.S. Secretaría de Mariña, legaxo 173).

oficios, rentas y derechos jurisdiccionales de esos dos Pueblos, y que oy goza su Posehedor».

Pouco despois da súa incorporación á Coroa, o **15 de Xuño de 1734**, creouse o Goberno Militar de Ferrol e A Graña, séndolle outorgados nos anos seguintes dous novos privilexios a Ferrol:

17 de Xaneiro de 1737. Real Cédula pola que Felipe V concede ás vilas de Ferrol e A Graña que «la ciudad de Betanzos no las comprendan en los Repartimentos de cualquiera naturaleza que sean», dada a minguada economía da vila.

29 de Setembro de 1768. Real Cédula pola que Carlos III decide que a veciñanza de Ferrol quede exenta do servizo nas milicias provinciais, co obxecto de non interromper os traballos nos arsenais.

Copias manuscritas de ámbolos-dous privilexios, aínda que feitas en datas posteriores, obran na Caixa 908. Privilexios de Ferrol e A Graña, do Arquivo Municipal de Ferrol.

No que se refire á heráldica municipal, o escudo da cidade formouse o **22 de Xuño de 1778**, segundo escribe Montero Aróstegui e confirma Leandro de Saralegui. O Concello ferrolán presidido por Pedro Bayón acordou na sesión municipal dese día «que se abriese el timbre heráldico de la villa, declarando que el escudo de sus armas consistía en una torre con su farol, cañones, baterías y anclas». Segundo Carré Aldao este escudo, sen a espuria e nada axeitada coroa marquesal dos Andrade que se engadiu máis tarde de xeito erróneo, foi confirmado na sesión municipal de **13 de Xaneiro de 1820**. Aínda que máis tarde

confirmaron este deseño (sen timbre algún de coroa) os xenealoxistas Francisco Piferrer o **ano 1860** e Cotarelo Valledor o **ano 1928**, non queda constancia escrita das citadas sesións municipais no Arquivo de Ferrol.

A actual celebración de San Xiao como patrón de Ferrol estableceuna o alcalde Álvarez Caballero o **5 de Xaneiro de 1786**, unha vez rematada a nova igrexa parroquial. Segundo o Libro de Actas do Concello número 385, na sesión municipal dese día, folio 5v, acordouse que «anualmente se celebre la Función con Voto al Glorioso San Julián, como Patrono de Ferrol, a partir del día 7 del presente mes», e que «se publique por vando á voz de pregonero que en su víspera los vecinos de posibilidad alumbren sus casas, se limpien y barran las calles, y se festeje con la seriedad y circunspección que exige el día y corresponde a la Religión Christiana».

No eido económico e comercial salientan como fitos de interese para a evolución e desenvolvemento de Ferrol durante o Século das Luces as seguintes datas:

9 de Agosto de 1769. Concesión dunha Feira e mercado na praza das Dores.

26 de Abril de 1787. Primeira habilitación do porto para o libre comercio con América.

12 de Decembro de 1799. Autorización da «plantificación» (erección) dun Consulado de Comercio en Ferrol.

27 de Marzo de 1802. Traslado dos Correos Marítimos ao porto de Ferrol, procedentes do porto da Coruña.

14 Decembro de 1806. Orden de construción da estrada de Ferrol a Betanzos

As copias dos correspondentes documentos gárdanse no Arquivo Municipal de Ferrol, Caixas 916, 473 e 1024, excepto o relativo á erección do Consulado que obra no Arquivo Histórico Nacional. Estado. Legaxo 2927.

O século XIX comezou co falido desembarco das tropas inglesas en Doniños o **25 de Agosto de 1800** e co combate naval de Trafalgar do **21 de Outubro de 1805**, de fonda repercusión na sociedade ferrolá. O **24 de Xaneiro de 1809** máis de cinco milleiros de franceses ao mando do xeneral Soult entran pola porta de Canido, ocupando Ferrol ata o seguinte **24 de Maio**. A urbe ferrolá entra na primeira metade do século XIX sumida nunha profunda crise centrada na construción naval co reflexo dunha precaria situación económica da poboación, que máis tarde sería marcada pola emigración a Ultramar.

O TÍTULO DE CIDADE

No que atinxe ao título de cidade, a primeira vez que se pediu esta distinción de xeito oficial foi na representación que o Alcalde Álvarez Caballero elevou ao rei Carlos IV o **4 de Novembro de 1786**. Aínda que neste documento, arquivado na Caixa 929. Historia (1747-1811) do Arquivo Municipal, escíbese que «Ferrol es una villa que de justicia clama por el nombre de ciudad, capital del único Departamento del Océano y la mayor población del vasto reino de Galicia», non sería ata o **ano 1858** cando Ferrol obtivo o título de cidade, é dicir fai cento cincuenta anos.

Tralo nomeamento do marqués de Molíns como Ministro de Mariña, a partires do ano **1847** prodúcese certa recuperación económica en Ferrol por mor da repunta da construción naval. Neste contexto, desde o **1 ao 5 de Setembro de 1858**, ten lugar a visita da raíña




Ilustración 7. Acta municipal do 28 de Outubro de 1858 informando da recepción do Real Decreto do 13 de Outubro polo que a raíña Isabel II concede a Ferrol o título de Cidade e o tratamento de Señoría Ilustrísima (A.M.F. Libro de actas número 430 do ano 1858).

Isabel II á urbe ferrolá a bordo do vapor Isabel la Católica. Un dos actos máis significativos da súa estadía en Ferrol foi a solicitude á Raíña da concesión a Ferrol do título de cidade. Segundo rexistra o Libro de Actas do Concello número 430, na sesión municipal do **30 de Agosto de 1858**, folio 65v, acordouse solicitar da raíña Isabel II «para que a esta villa, atendidos sus gloriosos hechos, se le conceda el título de ciudad y al Ayuntamiento la notificación del tratamiento que a esta categoría corresponda».

Na seguinte acta, correspondente aos días da visita real, no folio 71v, infórmase que Isabel II recibiu en audiencia particular o día **4 de Setembro** pola maña no palacio de Capitanía Xeral onde residía a unha comisión conxunta do Concello, formada polo alcalde Ramón de Ocampo e os concelleiros Antonio Coll, José Cabot e Luis Taboada, e da Xunta de Comercio, formada por Domingo Calvo e Montero Aróstegui, acompañados do Deputado a Cortes Manuel Aguirre de Tejada, facendo a devandita comisión a solicitude de concesión a Ferrol do título de cidade.

Na sesión municipal do seguinte **28 de Outubro**, folios 79 a 81, aparece por primeira vez o nome de cidade referido a nosa urbe, ao iniciar a correspondente acta dese día co seguinte encabezamento «En la Sala Capitular de la Ciudad de Ferrol». Na referida acta infórmase da recepción dun oficio do **13 de Outubro de 1858** do Ministerio da Gobernación «en el que se inserta el Real Decreto» polo que se concede a Ferrol o título de cidade e o tratamento de Señoría Ilustrísima, acordándose expresar ao Ministro de Estado Saturnino Calderón Collantes e ao deputado Manuel Aguirre de Tejada «las justas y debidas gracias por sus distinguidos buenos oficios».

Abonda neste tema o historiador coetáneo Montero Aróstegui ao reproducir na súa Historia de Ferrol un Bando municipal informando desta concesión:

19 de Outubro de 1858. Bando do Alcalde Ramón de Ocampo, dando conta dun escrito do Ministro da Gobernación Posada Herrera no que comunica a expedición dun Real Decreto de **13 de Outubro**, asinado pola raíña Isabel II, publicándoo «para conocimiento y satisfacción de los habitantes de esta población».

Igualmente esta concesión foi confirmada por Leandro de Saralegui ao escribir na súa publicación «Efemérides Ferrolanas» que na citada data se outorgou a Ferrol o título de Ciudad e Ilustrísima. Consultando de xeito exhaustivo, coa inestimable axuda do Arquivo Municipal de Ferrol, a «Gaceta de Madrid» e o «Boletín Oficial Provincial» daquelas datas non aparece publicado o mencionado Real Decreto, polo que cabe supoñer que foi remitido e comunicado directamente mediante o devandito oficio do Ministerio da Gobernación, aínda que tampouco fomos quen de encontralo no citado Arquivo Municipal.

Con data **9 de Xuño de 1881**, previa petición do Concello presidido por Antonio Togores, concedeuse á cidade de Ferrol o tratamento de Excelencia «por su importancia marítima y aumento de población, así como por su constante adhesión a la Monarquía constitucional», tal como pódese ler no citado Real Decreto, firmado polo ministro da Gobernación Venancio González e refrendado polo rei Alfonso XII, neste caso aparecendo publicado na «Gaceta de Madrid» de **11 de Xuño de 1881**. A Corporación Municipal de Ferrol quedou informada desta concesión real, segundo consta na acta da sesión municipal celebrada o seguinte **18 de Xuño de 1881**, libro de Actas do Concello número 428, folio 26r.

Ao longo deste percorrido polos fitos e a documentación máis importante que se refire á historia de Ferrol pódese comprobar que moitos dos documentos citados no

AÑO CCXX.—Núm. 162. Sábado 11 de Junio de 1881. Tomo II.—Pag. 725

PUNTOS DE SUSCRIPCION.

Madrid en la Administracion de la Imprenta Nacional, calle del G. n.º 4, segunda.

Provincia en todas las Administraciones provinciales de Correo.

Los señores y señoras para la Gaceta se reciben en la Administracion de la Imprenta Nacional, calle del G. n.º 4, segunda, desde las diez de la mañana hasta las once de la tarde, todos los dias excepto los festivos.



PRECIOS DE SUSCRIPCION.

Madrid..... Por un mes, pesetas 4

Provincia, inclusa Lituania..... Por tres meses..... 12

Estados Unidos..... Por un mes..... 20

Extranjero..... Por tres meses..... 48

El pago de las suscripciones está adelantado, no admitiéndose letras de cambio por conducto.

GACETA DE MADRID.

PARTE OFICIAL.

PRESENDA DEL CONSEJO DE REINTEGRO.

SS. MM. el Rey D. Alfonso y la Reina Doña María Cristina (D. G.) condecoran en esta Corte sin otro efecto en su importante calidad.

De igual distinción gozan S. A. E. la Srta. Dña. Señora Princesa de Asturias, y SS. AA. RR. los Infantes Doña María Isabel, Doña María de la Paz y Doña María Estela.

MINISTERIO DE LA GOBERNACION.

REAL DECRETO.

Queriendo dar sus gracias al Real ayuntamiento de Ferrol por su importante asistencia y concurso de patriotismo en el concurso de concurso a la Municipalidad de Ferrol.

Vengo en acordar a su Ayuntamiento el tratamiento de Excelencia.

Dado en Palacio a nueve de Junio de mil ochocientos ochenta y cinco.

ALFONSO.

El Ministro de la Gobernacion,
Vicente Gonzalez.

REALES ORDENES.

Tengo a informe de la Seccion de Gobernacion del Consejo de Estado el expediente de suspension del Ayuntamiento de Alcañiz de la Torre, decretada por V. R., con fecha 23 del actual ha emitido el siguiente dictamen:

«Hecho. Sr. En esta Seccion ha examinado el expediente relativo a la suspension del Ayuntamiento de Alcañiz de la Torre, decretada por el Gobernador de Madrid.

Del oficio pasado al Alcalde por la expresada Autoridad, se deduce que el expediente de expediente y su copia se acompaña, resultando que no se han formado las cuentas municipales desde 1878, ni tampoco el presupuesto del presente ejercicio que no se dirige al expediente electoral de Consejo y Compraventura que no existian libros de actas de la Junta municipal y de Sanidad; que no se hallan libros de cuentas corrientes, ni se halla la distribucion censal de fincas, ni los estados triennales de recaudacion e ingresos, ni en la Caja municipal se encuentran las disposiciones de la ley que en los reglamentos se hallan hecha alteracion sin causa justificada que en el artículo de pesos y medidas se hallan alterando las condiciones establecidas para el comercio que no se hallan establecidos en el presente ejercicio que el censo electoral de 1880 no está actualizado, apareciendo en el presupuesto margando de existencia de derechos por el cobramiento de por haber perdido la remision de contribuciones; y por último, que el Ayuntamiento no está en condiciones por no haber hecho la declaracion de la ley.

Considerando que los hechos expuestos por la citada Autoridad son tanto más graves, cuanto que hacen revivir el caso de Alcañiz, he acordado en esta Seccion que el Ayuntamiento de Alcañiz de la Torre, se le declare suspendido de sus funciones, y que se le declare en su lugar la suspension decretada.

Y considerando, por último, que los datos y condiciones que se arrojan a este Ayuntamiento resultan, segun dice el gobernador de la provincia, en el expediente instruido en suscripcion de los mismos.

La Seccion es de parecer que procede confirmar la provision de la expresada Autoridad superior de la provincia.

Y conformandose S. M. el Rey (Q. D. G.) con el parecer de esta Seccion, se ha servido resolver como en el mismo se propone.

De Real orden lo digo a V. R. para su conocimiento y efectos correspondientes. Dios guarde a V. R. muchos años. Madrid 21 de Mayo de 1881.

CONSEJER.
Sr. Gobernador de la provincia de Madrid.

del caso de Alcañiz, he acordado la funcion de expediente de segunda suspension del Ayuntamiento de Ferrol, decretada por el Gobernador de Valencia.

En 1.º de Febrero fueron suspendidos los Ayuntamientos de Alcañiz de la Torre, y Alcañiz de la Torre, que por el art. 189 de la ley municipal sin haberse cumplido las condiciones, el Gobernador de Valencia en 2.º de Abril que volviendo a desempeñar su cargo, pero en la misma fecha decretó nuevamente la suspension; por lo cual, habiendo informado los interesados para que en la Sala Capitular el día 3 para tener posesion del cargo, se les prohibió la entrada por el alcalde.

En evidente que, a parte de la primera suspension, los Ayuntamientos de que se trata no podian haber cometido nuevas faltas, sea cuales de las cuales habian necesidad de adoptar por segunda vez aquellas medidas de rigor, puesto que ya habian a desempeñar en funciones.

Los cargos, pues, que contra el Ayuntamiento se dirigen, en caso de que le fueran hechos notorios, lo cual ningun los interesados, jamás verian la primera suspension, toda vez que sus anteriores a la misma, nunca se cumplian.

Y considerando que, segun las comunicaciones a V. R. la Seccion de Estado de la Seccion de Gobernacion del Ayuntamiento de Alcañiz de la Torre, la de Alcañiz de la Torre, no puede ser de mas de once de 30 dias, y una vez de orden no puede ser de mas de 30 dias, resultando indefinida la suspension, que la Seccion que se debe alzar la declaracion de suspension del Ayuntamiento de que se trata.

Y conformandose S. M. el Rey (Q. D. G.) con el parecer de esta Seccion, se ha servido resolver como en el mismo se propone.

De Real orden lo digo a V. R. para su conocimiento y efectos correspondientes. Dios guarde a V. R. muchos años. Madrid 20 de Mayo de 1881.

CONSEJER.
Sr. Gobernador de la provincia de Valencia.

MINISTERIO DE FOMENTO.

RECOMENDACION.

RECOMENDACION. Encarcelada la concesion de los ferrocarriles de Pineda a Tudela, Tudela a la Gomera y Lugo a Gijón, tal como quedaba en sus condiciones y especificaciones de estos libros a un Consejo pasado por Real decreto de 7 de Febrero de 1878, cuyos estatutos fueron después sancionados por otro, fecha 11 de Julio del mismo año. Este Consejo ha venido desempeñando con una inteligencia y acierto dignos de todo elogio la importante comision que le fué confiada, hasta que la sucesion de estos libros del Nordeste ha sido adjudicada a una sociedad particular, y posteriormente ha solicitado y obtenido las licencias que comprende detallados datos relativos a la construccion y explotacion; presentando, por último, los datos que abarca todo el periodo de su gestion comercial y administrativa. Ha desempeñado, por tanto, la comision de concluir estableciendo este Consejo, y es llegado el momento de declarar desierta, pero no sin hacer antes, y cumplir los procedimientos que se indican en el presente, las licencias que comprende detallados datos relativos a la construccion y explotacion; presentando, por último, los datos que abarca todo el periodo de su gestion comercial y administrativa. Ha desempeñado, por tanto, la comision de concluir estableciendo este Consejo, y es llegado el momento de declarar desierta, pero no sin hacer antes, y cumplir los procedimientos que se indican en el presente, las licencias que comprende detallados datos relativos a la construccion y explotacion; presentando, por último, los datos que abarca todo el periodo de su gestion comercial y administrativa.

Publicado en esta comision, el Real decreto de 11 de Junio de 1881.

A. L. P. de V. M.
José María Alcañiz.

Ilustración 8. Real Decreto de 9 de Xuño de 1881 polo que o rei Alfonso XII concede o tratamento de Excelencia á cidade de Ferrol (Gaceta de Madrid de 11 de Xuño de 1881).

traballo non se conservan ou non se coñece onde se atopan arquivados, repetindo moitas veces os historiadores as mesmas referencias e noticias dadas polos seus predecesores sen aportar novos datos ou diferentes aos xa expostos e coñecidos. De xeito máis preciso e con respecto ao Arquivo Municipal de Ferrol, pódese comprobar que varios dos documentos aquí citados perdéronse, non se conservan ou nunca estiveron gardados no devandito Arquivo.

Como resumo deste traballo, e no que atinxe aos cinco documentos máis importantes que configuran a historia da cidade de Ferrol, pódese afirmar:

A «carta-puebla» de fundación de Ferrol, si existe, ou, no seu caso, o primeiro privilexio real (posiblemente datado o **século XII**), non se coñece nin se ten datos fidedignos da súa existencia.

O documento orixinal de confirmación dos foros de Ferrol, firmado polo Infante don Sancho no **22 de Xaneiro de 1283**, atópase gardado no Arquivo da Casa de Alba.

O documento orixinal da concesión por Enrique II de Trastámara do señorío da vila de Ferrol a Fernán Pérez de Andrade o **19 de Setembro de 1371**, non se coñece onde se atopa, estando posiblemente hoxe perdido.

O expediente polo que Felipe V incorporou a Ferrol á Coroa, incluíndo a copia do Real Decreto de **21 de Setembro de 1733**, documento que viñan a citar moitos historiadores sen maior precisión, conseguimos localizalo no Arquivo de Simancas.

O Real Decreto de concesión do título de cidade o **13 de Outubro de 1858**, non fomos quen de coñecer onde se publicou ou onde se acha o documento de comunicación desta concesión.

BIBLIOGRAFÍA E FONTES BIBLIOGRÁFICAS

- ALONSO LÓPEZ Y NOVAL, J, 1820, *Consideraciones generales sobre varios puntos históricos, políticos y económicos, y noticias de esta clase referidas al Ferrol y a su comarca*. Madrid.
- ARACIL RODRÍGUEZ, C., 2000, «Privilegios de los cotos de Balón, Brión y Mougá». *Revista Hidalguía*, número 279. Madrid.
- ARACIL RODRÍGUEZ, C. DE-BURGOA FERNÁNDEZ, J.J., 2006, «El escudo de armas de Ferrol de la Ilustración». *FerrolAnálisis*, número 21. Ferrol.
- BURGOA FERNÁNDEZ, J.J., 2004, «Episodios de Ferrol da Ilustración. O Alcalde Maior Álvarez Caballero». *Papeis Ártabros*, número 3. Ferrol, 2004.
- 2006, «Un episodio de Ferrol de la Ilustración. Las visitas del Padre Sarmiento, del Padre Isla y del Cura de Fruime». *Anuario Brigantino*, número 29. Betanzos.
- «O porto comercial e o Real Consulado de Ferrol da Ilustración». *Estudios Mindonienses* (no prelo).
- BURGOA FERNÁNDEZ, J.J.-RODRÍGUEZ-VILLASANTE PRIETO, J. A., 2004, *Ferrol y las ciudades del siglo XVIII*. Fundación Ferrol Metrópoli. Ferrol.
- CAL PARDO, E., 1984, *El monasterio de San Salvador de Pedroso en tierra de Trasancos*. Colección documental. A Coruña.
- CAMACHO, J.L. SANTÉ, R.J. RODRÍGUEZ, M.A., 1998, «Ferrol en los antiguos portulanos». *FerrolAnálisis*, número 12. Ferrol.
- CARRÉ ALDAO, E., 1931, «Los antiguos fueros del Ferrol». *Céltiga*, número 157. Buenos Aires.
- CARRÉ ALDAO, E., 1936, «Ferrol». En *Geografía General del Reino de Galicia*. Barcelona.

- CASTRO ÁLVAREZ, C. DE., 2005, «Una nueva interpretación del privilegio de Pedro I, concedido a Fernán Pérez III». *Cátedra*, número 12. Pontedeume.
- COUCEIRO FREIJOMIL, A., 1944, *Historia de Pontedeume*. Santiago.
- Crónicas de Jean Froissart (1371-1400)*. «Crónica de Francia, Inglaterra, Escocia y España».
- Crónica de Juan II de Castilla (Crónicas anónimas del siglo XV)*. 1982, Madrid.
- DÍAZ DE ROBLES, D. «Donación de 30 de Mayo de 1087 del monasterio de Jubia». *Anuario Ferrolano para 1904*.
- Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar*. Pascual Madoz. 1843, Madrid.
- ESCRIGAS RODRÍGUEZ, G., 1998, *Viaxe da raíña Dona Mariana de Neoburgo por Galicia (1690)*. Xunta de Galicia.
- FORT ROLDÁN, N. «Los Fueros de Ferrol». *Anuario Ferrolano para 1901*.
- GARCÍA LÓPEZ, M.X. «Os instrumentos de descrición do Arquivo Municipal de Ferrol: o inventario de Montero Aróstegui de 1850». *Estudios Mindonienses*, número 18. Ferrol-Mondoñedo, 2003.
- GARCÍA ORO, J., 1987, *Galicia en los siglos XIV y XV (Tomos I y II)*. Fundación Barrié de la Maza. A Coruña.
- GARCÍA ORO, J., 1994, *Don Fernando de Andrade. Conde de Vilalba (1477-1540)*. Xunta de Galicia. Santiago.
- GRANADOS LOUREDA, J.A., 1998, «Ferrol na Idade Moderna». En *Historia de Ferrol*. Vía Láctea Editorial. A Coruña.
- GUARDIA, R. DE LA., 1914, *Datos para un Cronicon de la Marina Militar de España (Anales de trece siglos de historia naval)*. Imprenta El Correo Gallego. Ferrol.
- LUCAS LABRADA, J., 1804, *Descripción económica del Reyno de Galicia*. Imprenta José Riesgo. Ferrol.
- LÓPEZ FERREIRO, A., 1898, *Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela*. Santiago.
- LLOSCA FREIRE, G., 1984, «Ferrol. Historia». En *Gran Enciclopedia Gallega*, tomo 12. Santiago-Gijón.
- LLOSCA FREIRE, G., 1998, «Ferrol Contemporáneo». En *Historia de Ferrol*. Vía Láctea Editorial. A Coruña.
- LLOSCA FREIRE, G. PÉREZ ALBERTI, A. ROMERO MASIA, A., 1983, *Camiños de Ferrolterra*. Ferrol.
- MARTÍNEZ SALAZAR, A., 1915, *Documentos gallegos de los siglos XIII al XV*. A Coruña.
- MEIJIDE PARDO, A., 2001, *Juan José Caamaño y Pardo (1761-1819). Conde de Maceda. Ilustrado y economista ferrolano*. A Coruña.
- MONTERO ARÓSTEGUI, J., 1859, *Historia y descripción de la ciudad y departamento naval de Ferrol*. Madrid.
- MOLINA, LICENCIADO S., 1550, *Descripción del Reyno de Galicia y de todas las cosas notables del*. Santiago.
- MURGUÍA MARTÍNEZ, M., 1888, «Ferrol». En *Galicia*. Editorial de Daniel Cortezo. Barcelona
- Novísima recopilación de las leyes de España mandada formar por el Señor Don Carlos I*. Madrid, 1807.
- NOVO Y GARCÍA, V., 1883, *Historia de Ferrol*. Ferrol (Publicación inconclusa).
- PENA GRAÑA, A., 1991-1992, *Narón, un concello con historia de seu (Tomos I y II)*. Narón.
- PÉREZ FERNÁNDEZ-TURÉGANO, C., 2006, *Patiño y las reformas de la administración en el reinado de Felipe V*. Instituto de Cultura e Historia Naval. Madrid.
- PÉREZ RODRÍGUEZ, F.J., 1998, «Ferrol na Idade Media». En *Historia de Ferrol*. Vía Láctea Editorial. A Coruña.
- RODRÍGUEZ-VILLASANTE PRIETO, J.A., 1998, «Arte e tecnoloxía na construción de Ferrol». En *Historia de Ferrol*. Vía Láctea Editorial. A Coruña.

- RODRÍGUEZ-VILLASANTE PRIETO. J.A., 1991, «Ferrol». En *La actividad naval militar*. Empresa Nacional Bazán. Madrid.
- RODRÍGUEZ-VILLASANTE PRIETO. J.A., 2001, *Los puertos de Ferrol y San Ciprián: su historia hasta la última expansión contemporánea*. Ferrol.
- SÁNCHEZ YÁÑEZ, M., 1987, «A vila de Ferrol na primeira metade do século XVIII». *Estudios Mindonienses*, número 3. Ferrol-Mondoñedo.
- SARALEGUI Y MEDINA, L. DE., 1904, *Efemérides históricas. Apuntes para la historia de Ferrol y sus cercanías*. Ferrol.
- SARALEGUI Y MEDINA, L. DE. «¿Ferrol o el Ferrol?». *Anuario Ferrolano para 1902*.
- SOUTO VIZOSO, A. «Efemérides Eclesiales de Ferrol». Serie de artigos publicados no xornal *Ferrol Diario* de Setembro a Novembro de 1974.
- TAXONERA Y VIVANCO, L., 1880, *El Arsenal de Ferrol. Apuntes históricos y descriptivos*. Ferrol.
- VAAMONDE LORES, C., 1909, *Ferrol y Puente deume. Escrituras referentes a propiedades adquiridas por el monasterio de Sobrado en dichos partidos durante los siglos XII, XIII y XIV*. A Coruña.
- VÁZQUEZ LÓPEZ, M.J., 2001, *Ferrol e a comarca ferrolá na Idade Media do século X ao XVI*. Concello de Ferrol.
- VICETTO PÉREZ, B. *Historia de Galicia*. Tomos V-VII. Ferrol, 1865-1873.
- VIGO TRASANCOS, A., 1985, *Arquitectura y urbanismo en el Ferrol del siglo XVIII*. Colexio de Arquitectos de Galicia. Vigo.
- V.V. A.A. «Ferrol: cidade da Ilustración». *Caderno do Ateneo Ferrolán*, número 17-18. Ferrol, 2003-2004.
- www.boe.es. Páxina Web do Ministerio da Presidencia. Gaceta de Madrid. Colección histórica 1661-1997.
- www.pares.mcu. Páxina Web do Ministerio de Cultura. Arquivo Xeral de Simancas, Sección Protocolo Real.
- ARQUIVO MUNICIPAL DE FERROL. Caixa 748. Disposicións e Reais Ordes. Caixa 908. Privilexios de Ferrol e A Graña. Caixa 699. Festexos públicos e Visitas Reais (1838-1874) . Caixas 917, 924 e 929. Historia.
- Libros de Actas do Concello, números 385 (ano 1786), 430 (ano 1858) e 428 (ano 1881).
- ARQUIVO DE ANTONIO VÁZQUEZ REY. Tomo II. Comarca. Carpetas Ferrol D e H. Biblioteca Municipal de Neda.
- ARQUIVO XERAL DE SIMANCAS. Secretaría de Mariña. Legaxo 173. Expediente sobre a incorporación á Coroa das vilas de Ferrol e A Graña (Comprensivo do 6 de Agosto de 1721 ata o 4 de Novembro de 1733). Consta de sesenta e dous (62) folios sen numerar.

Agradecementos:

Fundación Ferrol Metrópoli, Arquivo e Biblioteca Municipal de Ferrol, Biblioteca Naval de Ferrol, Biblioteca Municipal de Neda, Biblioteca Municipal de Pontedeume.